

AREA: PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

CENTRO: CEIP AMOR RUIBAL

MATERIA: LINGUA INGLESA

DATA: 04-05-2020

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<p>BLOQUE 1. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS</p> <ul style="list-style-type: none"> Comprender a idea global e a información máis importante en textos orais moi breves con estruturas simples e coñecidas cun léxico de uso cotiá con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos presentes nas situacións comunicativas e conectados cos propios intereses e coas propias experiencias, articulados con claridade e lentamente, transmitidos de viva voz ou por a través de recursos multimedia que non distorsionen a mensaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> Comprende o sentido global e a información máis importantes de textos orais, con estruturas coñecidas e léxico de uso cotiá procedentes de medios audiovisuais ou da Internet adecuados a súa idade. Comprende os puntos principais e reconece palabras e expresións coñecidas en textos orais (contos, cancións e conversas) sobre temas familiares ou do seu interese e expresados con claridade e que contén con apoio visual.
<p>BLOQUE 2. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS</p> <ul style="list-style-type: none"> Interactuar en situacións reais ou simuladas usando expresións e frases coñecidas e de uso frecuente acorde co seu nivel Valorar as linguas estranxeiras como instrumento de comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> Participa en situacións reais ou simuladas de comunicación breves e elementais, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas do seu interese, e persoas da súa contorna inmediata, cunha pronuncia e entoación comprensibles. Amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira nas diferentes situacións comunicativas.
<p>BLOQUE 3. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS</p> <ul style="list-style-type: none"> Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas máis importantes en textos escritos sinxelos de temas previamente traballados de forma oral e de interese para o alumnado, e contando con apoio visual. 	<ul style="list-style-type: none"> Comprende a idea principal dun texto escrito sinxelo acompañado de apoio visual, acorde a súa idade procedente dos medios de comunicación adaptados a súa competencia lingüística.
<p>BLOQUE 4. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS</p> <ul style="list-style-type: none"> Escribir textos sinxelos propios, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles acorde co seu nivel. Iniciarse no uso das ferramentas informáticas para completar actividades en liña deseñadas polo persoal docente. 	<ul style="list-style-type: none"> Escribe textos sinxelas, seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical coñecida utilizando as TIC de forma guiada.

BLOQUE 5. COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA INTERCULTURAL <ul style="list-style-type: none">• Identificar aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos para unha comprensión adecuada do texto oral e escrito.• Amosar curiosidade pola lingua e pola súa cultura.	Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festividades...) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente e así poder lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas.

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	Procedementos: Análise das producións presentadas a través de correo, Aula Virtual e EDIXGAL
	Instrumentos: Registro de observación da participación cos items: Moi axeitado, Axeitado e Pouco Axeitado Valores: MA = 1; A = 0,5; PA = 0
Cualificación final	A media das avaliacións 1ª e 2ª, cos aportes en positivo da 3ª
Alumnado de materia pendente	Atendendo as anteriores avaliacións, e sempre considerando que esta avaliación só pode repercutir positivamente na valoración dos mínimos para superar a materia.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	<ul style="list-style-type: none">• Culture and British Festivals: St Patrick, Easter and Earth Day.• Realizar unha presentación escrita empregando TICs: Buscar información sobre un heroe/personaxe popular e facer unha presentación por escrito describindo a súa personalidade , aspecto físico, logros, datas, etc traballado ao longo do terceiro trimestre. Alumnado de 5º e 6º (dende 15 ao 22 maio)• Repasar contidos traballados no 1º e 2º trimestres para contextualizar actividades motivadoras nas que se traballa ao máximo a expresión oral e escrita con actividades interactivas (xogos, cancións, contos, vídeos explicativos, etc...) recollidas en bloques ou temas para cada “ciclo” na aula virtual.• Realizar algunha gravación de son e/ou vídeo como mostra da práctica oral ou escrita realizada, por tratarse dunha área baseada na aprendizaxe da lingua búscase que haxa un equilibrio na práctica oral e escrita nas distintas propostas (temos que contar coa prezada colaboración da familia unha vez máis)• Para o alumnado con Necesidades Específicas están creados grupos pechados dentro da Aula Virtual, con actividades elaboradas polo Departamento de Orientación.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<ul style="list-style-type: none">• Nesta área búscase que sexa principalmente activa, comunicativa e participativa buscando chegar sempre a todo o alumnado, apoiando e mediando na incorporación á aula virtual e na construción das aprendizaxes (aprender a aprender) naqueles casos fixeron chegar as súas dúbidas e dificultades.• Temos en conta as seguintes situacións: <u>Alta conectividade:</u> Traballo a través da Aula Virtual e EDIXGAL <u>Baixa conectividade:</u> Combinación de Aula Virtual, EDIXGAL e correo electrónico <u>Escasa conectividade:</u> Material impreso proporcionado a través do Concello (nos niveis superiores)
Materiais e recursos	Aula Virtual, EDIXGAL e recursos propios ou seleccionados polas mestras en distintos formatos : Vídeos, audios, documentos informativos, lecturas, actividades interactivas variadas buscando sobre todo a motivación do alumnado.

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	Mensaxería Aula Virtual, EDIXGAL e ABALAR
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.